

AULA DIVERSA. CORPO EXPRESIVO - CORPO ARTICULADO

PROGRAMA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA
PARA A INTEGRACIÓN DE PERSOAS
CON DIVERSIDADE FUNCIONAL

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Do 5 de febreiro ao 27 de maio de 2020

Horario: mércores de 17:00 a 19:00 h

O CGAC abre un novo programa de educación artística para a integración de persoas con diversidade funcional. O proxecto *Aula diversa*, dirixido pola xestora cultural e educadora Adriana Pazos Ottón, propón a arte contemporánea como ferramenta de inclusión social e o museo como espazo de aprendizaxe aberto ao encontro das diferenzas.

Entre os meses de xaneiro e maio de 2020 terán lugar unha serie de sesións abertas a colectivos ou persoas con diversidade funcional e ao público en xeral, que combinarán visitas guiadas e talleres creativos.

O obxectivo é establecer accións integradoras que cren puntos de encontro entre colectivos e persoas diversas capaces de achegar coñecementos e experiencias desde perspectivas múltiples e xerar un espazo físico, conceptual e social común.

Traballaremos a interdisciplinabilidade nas artes. Amosaremos os traballos de artistas como Joseph Beuys, Marina Abramović, Bruce Nauman, Pina Bausch ou, no caso de España, Itziar Okariz, Esther Ferrer e Yolanda Domínguez, entre outras figuras destacadas. Faremos referencia ademais ás vertentes performativas dalgúns dos artistas que exporán no CGAC en 2020 como Francesc Torres e Antón Patiño.

As claves da proposta son o despertar corporal, a improvisación e a exploración das posibilidades expresivas do espazo que nos rodea e do medio audiovisual.

Achegarémonos á *performance* como arte viva e experimental. Crearemos sons a partir de materiais cotiáns e faremos uso da imaxe en movemento. Entenderemos o corpo articulado como materia expresiva e vehículo emocional. Traballaremos a linguaxe corporal e a xestualidade, e revisaremos expresións físicas que facemos inconscientemente a diario para coreografiar a experiencia.

As sesións serán adaptadas ás necesidades das persoas asistentes procurando a accesibilidade, a comprensión e o gozo dos contidos que se propoñan a todo o grupo.

Ao longo do ano repetiremos a sesión en diferentes datas:

CALENDARIO

SESIÓN I. 5 de febreiro
SESIÓN II. 11 de marzo
SESIÓN III. 15 de abril
SESIÓN IV. 20 de maio



Pipilotti Rist: *Gnade Donau Gnade (Mercy Danube Mercy)*, 2014
Fotografía: Lisa Rastl

El CGAC abre un nuevo programa de educación artística para la integración de personas con diversidad funcional. El proyecto *Aula diversa*, dirigido por la gestora cultural y educadora Adriana Pazos Ottón, propone el arte contemporáneo como herramienta de inclusión social y el museo como espacio de aprendizaje abierto al encuentro de las diferencias.

Entre los meses de enero y mayo de 2020 tendrán lugar una serie de sesiones abiertas a colectivos o personas con diversidad funcional y al público en general, que combinarán visitas guiadas y talleres creativos.

El objetivo es establecer acciones integradoras que creen puntos de encuentro entre colectivos y personas diversas capaces de aportar conocimientos y experiencias desde perspectivas múltiples y generar un espacio físico, conceptual y social común.

Trabajaremos la interdisciplinabilidad en las artes. Mostraremos los trabajos de artistas como Joseph Beuys, Marina Abramović, Bruce Nauman, Pina Bausch o, en el caso de España, Itziar Okariz, Esther Ferrer y Yolanda Domínguez, entre otras figuras destacadas. Haremos referencia además a las vertientes performativas de algunos de los artistas que expondrán en el CGAC en este año 2020 como Francesc Torres y Antón Patiño.

Las claves de la propuesta son el despertar corporal, la improvisación y la exploración de las posibilidades expresivas del espacio que nos rodea y del medio audiovisual.

Nos acercaremos a la *performance* como arte viva y experimental. Crearemos sonidos a partir de materiales cotidianos y haremos uso de la imagen en movimiento. Entenderemos el cuerpo articulado como materia expresiva y vehículo emocional. Trabajaremos el lenguaje corporal y la gestualidad, y revisaremos expresiones físicas que hacemos inconscientemente a diario para coreografiar la experiencia.

Las sesiones serán adaptadas a las necesidades de las personas asistentes procurando la accesibilidad, la comprensión y el disfrute de los contenidos que se propongan a todo el grupo.

A lo largo del año repetiremos la sesión en diferentes fechas:

CALENDARIO

SESIÓN I. 5 de febrero
SESIÓN II. 11 de marzo
SESIÓN III. 15 de abril
SESIÓN IV. 20 de mayo

ADRIANA PAZOS OTTÓN é xestora cultural, especialista en pedagogía artística e creatividade, artista visual, videoartista e performer. Licenciouse en Belas Artes e Historia da Arte e ten estudos de Educación e Innovación en Arte e Cultura Dixital. Conta con formación en psicoloxía, pedagogía e técnicas artísticas aplicadas ao traballo de grupo e como vehículo no terreo da didáctica e a creatividade. Ten ademais nocións de *live video* aplicado ás artes escénicas.
www.adrianapazosotton.com

PAULA QUINTAS é licenciada en Historia da Arte. Cursou estudos de Danza Contemporánea no conservatorio Trinity Laban de Londres. É fundadora, xunto con Marta Alonso e outros artistas, de Proyecto C-F Dance, unha plataforma interdisciplinar de danza e dirección artística. Está interesada no espazo que rodea ao corpo e na súa corporeidade. As súas *performances* e instalacións caracterízanse pola transformación do corpo nun estado deconstructivo.
www.paulaquintas.com

INSCRIPCIÓN: O programa é de balde e para participar é necesario escribir a cgac.educacion@xunta.gal indicando o nome do colectivo ou persoas participantes, as súas idades, as súas necesidades, o nome da persoa responsable, un teléfono de contacto e un enderezo de correo electrónico.

As prazas cubriranse por orde de inscrición. Cada solicitante recibirá unha mensaxe electrónica de confirmación.

PERSOAS DESTINATARIAS: O programa está dirixido a todos os públicos e idades (adultos e público infantil a partir de 4 anos).

PAZAS: En función dos colectivos ou persoas que se inscriban na actividade acordarase un número de prazas adecuado para o bo funcionamento desta. Os nenos e nenas de 4 a 8 anos deberán asistir acompañados por unha persoa adulta.

DIRECCIÓN: Adriana Pazos Ottón

COORDINACIÓN: Virginia Villar

ADRIANA PAZOS OTTÓN es gestora cultural, especialista en pedagogía artística y creatividad, artista visual, videoartista y performer. Se licenció en Bellas Artes e Historia del Arte y tiene estudios de Educación e Innovación en Arte y Cultura Digital. Cuenta con formación en psicología, pedagogía y técnicas artísticas aplicadas al trabajo de grupo y como vehículo en el terreno de la didáctica y la creatividad. Tiene además nociones de *live video* aplicado a las artes escénicas.
www.adrianapazosotton.com

PAULA QUINTAS es licenciada en Historia del Arte. Cursó estudios de Danza Contemporánea en el Conservatorio Trinity Laban de Londres. Es fundadora, junto con Marta Alonso y otros artistas, del Proyecto C-F Dance, una plataforma interdisciplinar de danza y dirección artística. Está interesada en el espacio que rodea al cuerpo y en su corporeidad. Sus *performances* e instalaciones se caracterizan por la transformación del cuerpo en un estado deconstructivo.
www.paulaquintas.com

INSCRIPCIÓN: El programa es gratuito y para participar es necesario escribir a cgac.educacion@xunta.gal indicando el nombre del colectivo o personas participantes, sus edades, sus necesidades, el nombre de la persona responsable, un teléfono de contacto y una dirección de correo electrónico.

Las plazas se cubrirán por orden de inscripción. Cada solicitante recibirá un correo electrónico de confirmación.

PERSONAS DESTINATARIAS: El programa está dirigido a todos los públicos y edades (adultos y público infantil a partir de 4 años).

PLAZAS: En función de los colectivos o personas que se inscriban en la actividad se acordará un número de plazas adecuado para el buen funcionamiento de la misma. Los niños y niñas de 4 a 8 años deberán asistir acompañados por una persona adulta.

DIRECCIÓN: Adriana Pazos Ottón

COORDINACIÓN: Virginia Villar



DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN
Rúa Ramón del Valle Inclán 2
15703 Santiago de Compostela
Tels.: 981 546 602/31
cgac.educacion@xunta.gal
www.cgac.xunta.gal



galicia



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA